

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A ADQUISICIÓN DE DOUS LOCAIS NAS SINAS PARA CENTRO DE TRABALLO DA BRIGADA VERDE

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Gonzalo Durán Hermida, alcalde do Concello de Vilanova de Arousa, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que detentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa, en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Segundo. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Asemade, o actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas

respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Cuarto. O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Á súa vez, o artigo 22 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Quinto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

Sexto. O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 17 de decembro de 2018 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.



Sétimo. O Concello de Vilanova de Arousa manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para acometer o proxecto denominado Adquisición de dous locais nas Sinas para centro de traballo da Brigada Verde que ten como obxecto a adquisición de dous locais, propiedade dunha promotora en liquidación xudicial pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), co fin de destinalos a centro de traballo para a coordinación das actuacións de conservación das praias.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a inaprazable necesidade que o concello manifesta para adquirir ambos os locais, baseada nas circunstancias da súa pertenza actual á AEAT que actúa como liquidadora dunha sociedade promotora por orde da Audiencia Nacional. Por esta razón non se pode demorar a realización efectiva da oferta realizada polo Concello á AEAT para a adquisición.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Vilanova de Arousa de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente*.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Vilanova de Arousa.

Oitavo. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Vilanova de Arousa, co fin de que esta entidade local poida mellorar as infraestruturas vinculadas á prestación dos servizos municipais e, xa que logo, recuperar o normal funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se lle prestan á veciñanza e asemade contribuír á conservación, reposición e restauración do ambiente.

Noveno. O Concello de Vilanova de Arousa cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2017 ao Consello de Contas de Galicia.



Décimo. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168 Outras actuacións específicas de protección do ambiente) na que existe crédito adecuado e suficiente.

Undécimo. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vilanova de Arousa acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto denominado Adquisición de dous locais nas Sinas para centro de traballo da Brigada Verde, cun prezo de adquisición total de 108.900,00 € (IVE incluído), segundo os datos contidos no escrito do 28 de marzo de 2019 da liquidadora xudicial por conta da AEAT da promotora en liquidación e os informes técnicos de valoración elaborados pola arquitecta municipal e que se incorporan ao expediente deste convenio:

- Local 1, con referencia catastral 4135916NH1143N0002UI, finca rexistral 11223 e superficie de 600,40 m² segundo información rexistral, e prezo de adquisición de 84.700,00 €.
- Local 2, con referencia catastral 4135916NG1143N0008DF, finca rexistral 11229 e superficie de 262,61 m² segundo información rexistral, e prezo de adquisición de 24.200,00 €.

Segunda. Obrigas do concello.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Vilanova de Arousa:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Tramitar o expediente de adquisición dos inmobles conforme á normativa de aplicación á adquisición de bens inmobles polas entidades locais; será o concello o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.



- b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula sétima deste convenio.
 - c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
6. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- 1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de OITENTA E SETE MIL CENTO VINTE EUROS (87.120,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168 Outras actuacións específicas de protección do ambiente) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019. Este importe representa o 80,00 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.
- 2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como

consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Quinta. Publicidade do convenio subvencionado

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento do proxecto pola Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial. As medidas de publicidade consistirán na colocación dunha placa explicativa permanente en cada un dos locais, no modelo que se incorpora no anexo a este convenio, en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia e a referencia ao Fondo de Compensación Ambiental.

Sexta. Conta xustificativa

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Vilanova de Arousa deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa da inscrición dos inmobles no Rexistro da Propiedade.
- b) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, en que se faga constar:

- O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
- Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

- Prezos das placas explicativas permanentes e data de colocación de cada un destes elementos.
- c) Certificación emitida e asinada electronicamente polo secretario ou pola secretaria do concello beneficiario, na cal se faga constar:
 - O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas e, no caso de obras, das correspondentes certificacións de obra, na cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
 - O acordo adoptado polo Pleno do concello polo que ambos os locais se cualifican expresamente como demaniais de uso ou servizo público.
 - Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á adquisición dos inmobles subvencionados.



- Que, segundo informe da secretaría do concello, para a adquisición de ambos os locais se cumpriu a normativa de aplicación á adquisición de bens inmobles polas entidades locais.
- d) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar ademais as fotografías dos locais nas que se aprecie a colocación das placas explicativas permanentes colocadas nun sitio visible.
- 2. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
- 3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de novembro de 2019.
- 4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro

Sétima. Efectividade dos pagamentos

- 1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
- 2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

- 3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria.

Oitava. Perda do dereito ao cobramento da subvención

- 1. Producirase a perda do dereito do Concello de Vilanova de Arousa ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
- 2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixidas na cláusula sexta deste convenio.



- b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
- Non realizar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.
 - Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local en materia de bens das entidades locais, da normativa en materia de patrimonio e/ou de contratos das administracións públicas no que resulten de aplicación.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula quinta.

Novena. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula sétima constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décima. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra subvencionada.

Undécima. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que

considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Duodécima. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes do concello.
2. A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes
 - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo terceira. Causas de resolución

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo cuarta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 15 de novembro de 2019.

Décimo quinta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sexta. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan

neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo sétima. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións públicas; na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen se ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións; e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.


En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e na data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela


O alcalde do Concello de Vilanova de Arousa



Gonzalo Durán Hermida

Anexo - Medidas de publicidade
MODELO DE PLACA EXPLICATIVA PERMANENTE



 XUNTA DE GALICIA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	
FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL	
 LOGOTIPO E NOME DO CONCELLO	ACTUACIÓN ARIAL NEGRA 110 pt. COR NEGRA MÁXIMO TRES LIÑAS
	ORZAMENTO 

Observacións

As cores da Xunta de Galicia serán as definidas na correspondente imaxe corporativa.

Instrucións para a placa

- O escudo e o nome do concello serán da mesma altura que o da Xunta de Galicia e irán situados no ángulo inferior esquerdo da placa.
- Se o proxecto comprende varios lugares, a obriga de publicidade entenderase referida a cada unha deles.
- Dimensións mínimas: Tamaño DIN-A3
- Para a elección dos materiais e do sistema de colocación deberá terse en conta a durabilidade (colocación mínima durante 5 anos).

